

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO
CONCELLO O DÍA 26 DE XUÑO DE 2006**

CONCORRENTES

Presidente:

Don Juan Antonio Maceiras Barros (CIM)

Concelleiros

Don Jesús Veiga Sabín (PP)

Don José Manuel Rodríguez Vidal (CIM)

Don Juan José Herva Mallo (PP)

Dona María Rosario Manso López (CIM)

Don Luis Purriños Pena (CIM)

Don José Paz Tenreiro (PP)

Don Manuel José Pérez Martínez (PP)

Don José María Laya Carril.

Don Miguel Anxo Abreira Sobrado (BNG)

Don Antonio Cortizas Rodríguez (PSOE)

Secretario accidental

Dona L. Marina Pérez Somorrostro

No salón de sesións da Casa do Concello de Miño, ás 13,00 horas do día vinteseis de xuño de dous mil seis, logo da convocatoria para o efecto en legal forma, reúnese o Pleno deste Concello, en sesión pública extraordinaria.

Preside o sr. alcalde don Juan Antonio Maceiras Barros e asisten os seguintes concelleiros: don Jesús Veiga Sabín, don José Manuel Rodríguez Vidal; don Luis Purriños Pena; dona María Rosario Manso López; don Juan José Herva Mallo; don José Paz Tenreiro; don Manuel José Pérez Martínez; don José María Laya Carril, don Miguel Anxo Abreira Sobrado e don Antonio Cortizas Rodríguez.

Non asisten os concelleiros: dona Eva María Vilariño González e don Antonio Medín Pena.

Dá fe do acto, a secretaria accidental dona L. Marina Pérez Somorrostro.

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- Aberta a sesión pola Presidencia e en relación á acta da sesión anterior correspondente ao día 15 de xuño de 2006, a xunta de goberno local acorda deixalo pendente de aprobación, por non ter entregada copia da acta con anterioridade.

2.- APROBACIÓN DE OCUPACIÓN DE SUBSOLO PÚBLICO EN LOIOS.- En relación coa solicitude de ocupación de subsolo presentada conxuntamente polas entidades mercantís CORTIÑA DO CREGO SL e PROMOCIONES BAHÍA DE MIÑO SL, dunha parte da zona verde, así coma da zona libre peonil definida no Expte. de Normalización de Fincas promovido pola entidade Cortiña do Crego SL. en rúa Loios, a fin de resolver os garaxes do edificio das vivendas que pretenden construír segundo exptes. Núms. 40/04 e 111/06., respectivamente, insistindo ambas empresas, segundo escrito de 11 de maio de 2006, na ocupación do subsolo polo fronte do edificio, baixo a acera, mancomunando o acceso.

Vistos os informes dos técnicos municipais que obran no expte., e segundo o art. 82 do RBCL, téñese por xustificada a pretensión da ocupación privativa, mediante a documentación presentada para a utilización e os seus fins de interés público, das zonas que constan no plano unido á solicitude de 25 de maio de 2006, que haberá de resolverse mediante concesión administrativa, polo prazo de 75 anos, dacordo co prego de condicións que figura unido ao informe xurídico.

Sometido a votación o asunto, o resultado é de tres votos en contra dos concelleiros don José María Laya Carril, de CIM, D. Miguel Anxo Abreira Sobrado, do BNG, alegando que ó seu parecer o problema parte de que fan demasiadas vivendas pequenas, o que se resolvería facendo vivendas mais grandes, non tendo así necesidade de ocupar o subsolo público, e por outra parte entende que cando chegue o remate da concesión ós 75 anos podería acarrear problemas ao concello; don Antonio Cortizas Rodríguez do PSOE por entender que hai promotores que deixan dúas plantas para garaxe e estes poderían facer o mesmo; e os oito votos a favor dos

restantes membros asistentes da Corporación, polo que queda aprobado, debendo quedar expresado nos documentos de venta de vivendas e locais a subrogación dos adquirentes dos mesmos. Asemade, acordase esixir o pago dun canón pola ocupación, mediante o pago dunha cantidade alzada e dunha soa vez, cuxa contía queda diferida á previa cuantificación que haberá de establecer o informe técnico municipal.

Non habendo máis asuntos na orde do día, a Presidencia levanta a sesión ás trece horas e trinta e cinco minutos redactándose a presente acta, do que eu, a secretaria accidental, dou fe.

O presidente,

A secretaria acctal.